- O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de ordinaria terá a opción de realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.5.6 Recursos didácticos (1º GP)

Os recursos aquí presentados son orientativos e poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Trompa 1º de Grao Profesional

- Techni-cor. Volume I: flexibilidade de D. Bourgue
- Método completo para trompa (1º Vol.) páx 78 a 122 de L. Thévet
- 1º Caderno dos 200 estudos de M. Alphonse. Estudos 31 a 55.
- Tres obras a escoller polo profesorado segundo as características do alumnado:
 - Sonata en fa de Telemann
 - Concerto nº 1 KV 412/514 de W. A. Mozart
 - Sonata nº 1 de L. Cherubini
 - Nocturno Op. 7 de F. Strauss
 - Andante de R. Strauss
 - Rêverie de Glazunov
 - Romanza de Koetsier
 - Concerto La Choisy de Corrette

9.5.7 Temporalización e secuenciación dos contidos (1º GP)

Primeiro trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro: escalas de Do M, Sol M, Fa M, Re M, Sib M, La m, Mi m, Re m, Si m e Sol m (escalas menores: natural, harmónica, melódica e oriental). Arpexos e intervalos respectivos. Tómasse como modelo para as escalas maiores a Páx 157 do método de L. Thévet.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de terceira, cuarta e quinta, picados e ligados.
- Pedais de Do e Reb, picados e ligados.
- Iniciación aos trinos.



- D. Bourgue: exercicios pertencentes ao 1^{er} día, coa práctica dos pasaxes de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 78 a 97.
- M. Alphonse (1^o caderno): estudos 31 a 40.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Segundo trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro: escalas de La M, Mib M, Mi M, Lab M, Fa# m, Do m, Do# m e Fa m (escalas menores: natural, harmónica, melódica e oriental). Arpexos e intervalos respectivos. Utilización de diferentes articulacións.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de quinta e sexta, picados e ligados.
- Pedais de Re e Mib, picados e ligados.
- Iniciación aos trinos e o son bouche.
- Bourgue: exercicios pertencentes ao 2^o día, coa práctica dos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 98 a 110.
- M. Alphonse (1^o caderno): estudos 41 a 47.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Terceiro trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro: escalas de Si M, Reb M, Sol# m e Sib m (escalas menores: natural, harmónica, melódica e oriental). Arpexos respectivos. Utilización de diferentes articulacións.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de sexta, picados e ligados.
- Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica co repaso dalgunhas pedais xa estudadas anteriormente.
- Estudo de trinos e son bouche.
- Bourgue: exercicios pertencentes ao 3er día, coa práctica dos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 111 a 122.
- M. Alphonse (1^o caderno): estudos 48 a 55.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.



9.6 Curso: 2º de grao profesional

- j) Obxectivos
 - a) Dominar a técnica (escalas, arpejos, escala cromática e intervalos) ata seis alteracións e iniciar o estudo das posibilidades sonoras e expresivas da trompa.
 - b) Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dicitación, articulación, fraseo e afinación.
 - c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
 - d) Coñecer dunha forma básica as convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música e mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.
 - e) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel.
 - f) Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.
 - g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
 - h) Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocrítica e participar nas actividades programadas.

9.6.1 Contidos

- a) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Escalas maiores, menores, arpejos e intervalos de memoria en todas as súas modalidades, ata seis alteracións; tomando como modelo as escalas do método de L. Thévet (2º volume, Páx. 156 en diante).
- b) Estudo do rexistro agudo. Escala cromática. Intervalos de terceira, cuarta, quinta, sexta, picados e ligados.
- c) Afondamento en todo o referente á articulación, afinación, dicitación e á transposición.
- d) Estudo do perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Pedais de Do, Reb, Re e Mib, picados e ligados.
- e) Iniciación ao estudo de ornamentos (trinos) e o son tapado.



- f) Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: obras de estudo propostas, e diferentes solos de orquestra do repertorio sinfónico e operístico para trompa.
- g) Adestramento da memoria e práctica da lectura a vista, a través do estudo de escalas, arpejos, estudos e obras programadas no curso.
- h) Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.
- i) Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.
- j) Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

9.6.2 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexeráse por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.6.2.1 Criterios de avaliación

- a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que condúzan a unha perda de control na execución.
- b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcan-



zar unha interpretación adecuada.

- d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía e competencia do estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo e a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos.
- e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.
- g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación. Mediante este criterio preténdese avaliar a interpretación pública dunha obra.
- i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.
- j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9.6.2.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do



son.

- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpxos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.6.2.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo nas clases, controles, probas, así como as audicións.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno de aula, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo nas clases, así como a folla de avaliación que utilizarase para valorar audicións, probas e calibracións (adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación). Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.6.2.4 Criterios de cualificación

O alumnado será cualificado en función do logro dos criterios de avaliación a partir do traballo de aula cunha ponderación do 60% e audición cun 40%. Inda que hai tres avaliacións trimestrais, ao ser esta unha avaliación formativa cunha aprendizaxe progresiva a cualificación final corresponderá ca do último trimestre do curso.

Tabla 6. Criterios de cualificación de 2º GP

Ponderación	Traballo de aula
	Criterios de avaliación
60%	a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental
	b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento
	f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
	i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a



	historia e o repertorio do instrumento.
Ponderación	Audición
	Criterios de avaliación
40%	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
	h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.
	j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
	k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

9.6.3 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.6.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado que non pode ser avaliado por faltas de asistencia, así como aquel con cualificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e a proba extraordinaria.

9.6.4.1 Proba ordinaria

- Esta proba será convocada no 3º trimestre. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o



profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos e as pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.6.4.2 Proba extraordinaria

- O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de ordinaria terá a opción de realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.6.5 Recursos didácticos (2º GP)

Os recursos aquí presentados son orientativos e poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Trompa 2º de Grao Profesional

- Techni-cor Volume I: flexibilidade de D. Bourgue.
- Método completo para trompa (1º Vol.) de L.Thévet (páx.123 a 150)
- 1º caderno dos 200 estudos de M. Alphonse. (estudo 56 ao 70)
- 2º caderno dos 200 estudos de M. Alphonse. (estudo 1 ao 10)

Tres obras a escoller polo profesorado segundo as características do alumnado:

- Sonata en fa de Telemann
- Concerto nº 1 KV 412/514 de W. A. Mozart
- Sonata nº 1 de L. Cherubini
- Nocturno Op. 7 de F. Strauss
- Andante de R. Strauss
- Rêverie de Glazunov
- Romanza de Koetsier
- Nocturno Op.112 de Reinecke
- Concerto La Choisy de Corrette

9.6.6 Temporalización e secuenciación dos contidos (2º GP)

Primeiro trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro do instrumento de memoria: escalas de ata catro alteracións, maiores e menores nas súas diferentes modalidades, e cos respectivos arpejos.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de 3ª, 4ª e 5ª, picados e ligados.
- Afondamento na dixitación: pedais de Do, Do# e Re, picados e ligados.
- Práctica dos trinos e o son bouche.



- Bourgue: exercicios pertencentes ao 4º día, coa práctica dos respectivos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 123 a 131.
- M. Alphonse (1º Caderno): estudos 56 a 63.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Segundo trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro do instrumento: escalas de cinco e seis alteracións, maiores e menores nas súas distintas modalidades, cos respectivos arpejos e utilizando diferentes articulacións.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de 6ª e 7ª, picados e ligados.
- Afondamento na dixitación: pedais de mi, Fa e Fa #, picados e ligados.
- Práctica dos trinos e o son bouche.
- D. Bourgue: exercicios do 5º día, coa práctica dos respectivos solos de orquestra
- L. Thévet: páxinas 132 a 141.
- M. Alphonse (1º caderno): estudos 64 a 70.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

Terceiro trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade e o rexistro do instrumento: escalas de sete alteracións maiores e menores nas súas diferentes modalidades, cos respectivos arpejos, e utilizando distintas articulacións.
- Estudo do rexistro agudo: intervalos de oitava, picados e ligados.
- Afondamento na dixitación: pedal de Sol, picado e ligado.
- Bourgue: exercicios do 6º día, coa práctica dos respectivos solos de orquestra
- L. Thévet: páxinas 142 a 150.
- M. Alphonse (2º caderno): estudos 1 ao 10.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.



9.7 Curso: 3º de grao profesional

9.7.1 Obxectivos

- a) Dominar a técnica (escalas, arpejos, escala cromática e intervalos) de todas as tonalidades e respectivas modalidades e aprofundar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da trompa.
- b) Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dactilación, articulación, fraseo e afinación.
- c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- d) Coñecer as diversas convencións interpretativas viventes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- e) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel.
- f) Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocritica e participar nas actividades programadas.
- i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

9.7.2 Contidos

- a) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Escalas maiores, menores e arpejos de memoria en todas as tonalidades e respectivas modalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e procurando unha maior claridade e sincronismo nas distintas articulacións, tomando como modelo as escalas do método de L. Thévet (2º volume, Páx. 156 en diante).
- b) Estudo do rexistro agudo. Arpejos e harmónicos naturais picados e ligados.
- c) Aprofundamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado.



- d) Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica das notas pedais de Mi, Fa, Solb e Sol e Práctica dos intervalos de 3^a, 4^a, 5^a, 6^a, 7^a, 8^a, 9^a e 10^a, picados e ligados.
- e) Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos) e o transporte.
- f) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- g) Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpejos, estudos e obras programadas no curso.
- h) Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.
- i) Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.
- j) Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

9.7.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.7.3.1 Criterios de avaliación

- a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.



- b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía e competencia do estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo e a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos.
- e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.
- g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando unha correcta calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.
- i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.
- j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.



- k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9.7.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.7.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo nas clases, controles, probas, así como as audicións.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno de aula, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo nas clases, así como a folla de avaliación que utilizarase para valorar audicións, probas e calibracións (adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación). Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.7.3.4 Criterios de cualificación

O alumnado será cualificado en función do logro dos criterios de avaliación a partir do traballo de aula cunha ponderación do 60% e audición cun 40%. Inda que hai tres avaliacións trimestrais, ao ser esta unha avaliación formativa cunha aprendizaxe progresiva a cualificación final corresponderá ca do último trimestre do curso.

Tabla 7. Criterios de cualificación de 3º GP

Ponderación	Traballo de aula
	Criterios de avaliación
60%	a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental
	b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.



	d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento
	f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
	i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.
Ponderación	Audición
	Criterios de avaliación
40%	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
	h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.
	j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
	k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

9.7.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.7.5 Medidas de recuperación



As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado que non pode ser avaliado por faltas de asistencia, así como aquel con cualificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e a proba extraordinaria.

9.7.5.1 Proba ordinaria

- Esta proba será convocada no 3º trimestre. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos e as pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.7.5.2 Proba extraordinaria

- O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de ordinaria terá a opción de realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.7.6 Recursos didácticos (3º GP)

Os recursos aquí presentados son orientativos e poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Trompa 3º de Grao Profesional

- Techni-cor. Volume II: Staccato de D. Bourgue.
- Método completo para trompa (2ºVol.) de L. Thévet, páx. 191 a 229
- 2º Caderno dos 200 estudos de M. Alphonse. Estudo 11 a 40.

Tres obras a escoller polo profesorado segundo as características do alumnado:

- Concerto nº 2 de Haydn
- Rondó KV 371 de W. A. Mozart
- Concerto de Rosetti
- Concerto de G. Donizetti
- Concerto de Mercadante
- Introducción, Tema e Variacións de F. Strauss
- Concerto Op. 8 de F. Strauss
- Largueto de E. Chabrier
- Romance Op. 67 de C. Saint-Saëns
- Alla Caccia de Alan Abbott. Hunters Moon de Gilbert Vinter. Chanson de Forestier de G. Balay. (Estas tres pezas, debido a súa corta duración, poderán ser utilizadas conxuntamente ou por separado).



9.7.7 Temporalización e secuenciación dos contidos (3ºGP)

Primeiro trimestre:

- Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión da trompa: escalas e arpxos de ata catro alteracións, M. e m. nas súas distintas modalidades, tomando como modelo para as escalas M. e m. “harmónica”, a páxina 157 e 156 respectivamente do método de L. Thévet.
- Intervalos de 3ª, 4ª e 5ª, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os distintos rexistros.
- Pedais de Do, Do#, Re, Mib, Mi e Fa, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os diferentes rexistros.
- Bourgue: exercicios pertencentes ao 1º e 2º día, coa práctica dos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 191 a 211.
- M. Alphonse (2º caderno): estudos 11 ao 20.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso
- Segundo trimestre:
- Escalas e arpxos M. e m. nas súas distintas modalidades, de 5 e 6 alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. “harmónica”, as páxinas 157 e 156 respectivamente, do método de L. Thévet con rapidez e claridade nos rexistros, e introducindo diferentes articulacións.
- Intervalos de 6ª, 7ª e 8ª, picados e ligados, prestando atención á igualdade sonora e tímbrica.
- Pedais de Fa #, Sol e LA b, picados e ligados, con atención á igualdade sonora e tímbrica.
- Bourgue: exercicios pertencentes ao 3º e 4º día, coa práctica dos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 212 a 221. Iniciación ao triplo picado.
- M. Alphonse (2º caderno): estudos 20 a 30.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

Terceiro trimestre:

- Escalas e arpxos M. e m. nas distintas modalidades, de sete alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. “harmónica”, as páxinas 157 e 156 respectivamente, do método completo para trompa de L. Thévet, con rapidez e claridade nas súas rexistros, e introducindo diferentes articulacións.
- Intervalos de 9ª e 10ª, picados e ligados, prestando atención á igualdade sonora e tímbrica.
- Pedais da e Re b, picados e ligados, con atención á igualdade sonora e tímbrica.
- Bourgue: exercicios pertencentes ao 5º e 6º día, coa práctica dos solos de orquestra.
- L. Thévet: páxinas 222 a 229. Práctica do triplo picado.
- M. Alphonse (2º caderno): estudos 30 a 40.
- V. Zarzo: estudos 12 e 13.
- Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.



9.8 Curso: 4º de grao profesional

9.8.1 Obxectivos

- a) Dominar a técnica (escalas, arpexos, escala cromática e intervalos) de tódalas tonalidades e respectivas modalidades e afondar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da trompa.
- b) Utilizar os coñecementos musicais e a técnica traballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo e afinación.
- c) Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.
- d) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- e) Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificultade adecuada a este nivel.
- f) Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.
- g) Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudos e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- h) Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocrítica e participar nas actividades programadas.
- i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.
- k) Contidos
 - a) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento. Escalas M. e m e arpexos de memoria en todas as tonalidades e respectivas modalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e procurando unha maior claridade e sincronismo nas distintas articulacións, tomando como modelo as escalas do método de L. Thévet (2º volume, Páx. 156 en diante).
 - b) Estudo do rexistro agudo. Arpexos e harmónicos naturais picados e ligados.
 - c) Afondamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado.
 - d) Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica dos



intervalos de 3^a, 4^a, 5^a, 6^a, 7^a e 8^a nas tonalidades de Do M, Sol M, Fa M, Re M e Si b M, picados e ligados. Estudo das pedais de Do a Do cromáticamente, picados e ligados.

- e) Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos), o transporte, e o son bouche e mixto.
- f) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- g) Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpejos, estudos e obras programadas no curso.
- h) Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.
- i) Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.
- j) Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

9.8.2 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.8.2.1 Criterios de avaliación

- a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.



- b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen deslizar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen deslizar os aspectos técnicos dos musicais. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía e competencia do estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo e a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos.
- e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.
- g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando unha correcta calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.
- i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.
- j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.



- k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9.8.2.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.8.2.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo nas clases, controles, probas, así como as audicións.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno de aula, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo nas clases, así como a folla de avaliación que utilizarase para valorar audicións, probas e calibracións (adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación). Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.8.2.4 Criterios de cualificación

O alumnado será cualificado en función do logro dos criterios de avaliación a partir do traballo de aula cunha ponderación do 60% e audición cun 40%. Inda que hai tres avaliacións trimestrais, ao ser esta unha avaliación formativa cunha aprendizaxe progresiva a cualificación final corresponderá ca do último trimestre do curso.

Tabla 8. Criterios de cualificación de 4º GP

Ponderación	Traballo de aula
	Criterios de avaliación
60%	a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental
	b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.



	d) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	e) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento
	f) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
	i) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.
Ponderación	Audición
	Criterios de avaliación
40%	c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
	g) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.
	h) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.
	j) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
	k) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

9.8.3 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.8.4 Medidas de recuperación



As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado que non pode ser avaliado por faltas de asistencia, así como aquel con cualificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e a proba extraordinaria.

9.8.4.1 Proba ordinaria

- Esta proba será convocada no 3º trimestre. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos e as pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.8.4.2 Proba extraordinaria

- O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de ordinaria terá a opción de realizar a proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudos ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

9.8.5 Recursos didácticos (4º GP)

Os recursos aquí presentados son orientativos e poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Trompa 4º de Grao Profesional

- Techni-cor. Volume III: Articulación de D. Bourgue
